



# Unha nova Olanda?

## Description

Un riguroso ensaio de xeografía humana, que polo seu interese xeral, terá axiña versión internacional, posto que trata un feito que o nacionalismo galego tradicionalmente desconsidera. Galicia é policéntrica: está integrada por cidades cada unha cunha identidade. Mas non só: no seu espazo natural, formado por 6,5 millóns de habitantes, *unha vez que a UE dissolveu as fronteiras políticas, imponse a xeografía, a física e a humana: unha unidade de mercado con continuidades culturais e sociais.*

Outro nacionalismo, este ultraconservador e reaccionario, o español, tende a confundir España con Madrid e a facer da capital a grande beneficiaria, en calquera orde, así no económico coma no simbólico e cultural, da acción do Estado (...). As autoridades madrileñas consideran a enteira península -Portugal incluído- como o seu hinterland. O esquema radial da España, *foi unha decisión artificial, sen raíces, tomada a maior gloria da centralización impulsada polos Borbóns. A partir de aí todos os acontecementos tenderon a favorecer a ecuación segundo a cal, todo o que era bo para a Monarquía era bo para Madrid, e o que era bo para Madrid era bo para España.*

Se cadra, o sistema baseado na ???????? (literalmente, un só poder) *é unha inocencia que herdou o estado democrático.* Con efecto: aínda que a potencia económica de Madrid poida resultar beneficiosa para todos, non o é un ????? de poder que *funcione como un furado negro que absorbe a enerxía, e os orzamentos, do estado, que é de todos e non só dos radicados en Madrid.*

Portanto, os modelos de modernización máis eficientes para a España, en realidade son os propostos por vascos e cataláns, e se cadra pola nova "España vaciada". En Galicia, pola reiterada ausencia de burguesía, só encontraron eco como *unha nación cultural (...). Galicia carece de proxecto, certo, pero aínda máis de clases sociais que queiran dotarse do poder necesario para facer efectiva unha idea estratéxica.* O empresariado non consegue ultrapasar un oportunismo pailán, e o goberno da Xunta... *Nalgunha ocasión escoitaremos a un presidente da Xunta expresándose en termos similares [a Ximo Puig] e poñendo sobre o tapete os intereses de Galicia?*

A conclusión de Antón *supoño que se sabe, ou tal vez non, que os nosos líderes carecen de perspectiva. O seu nivel de formación intelectual é perfectamente describable.* Non só se trata do novo coroa-virus: a deficiencia da formación, ou mesmo educación, que exhiben os líderes ultra-liberais. *Nunha sociedade en que a información converteuse na materia prima esencial (...). un dos desafíos do presente radica en reconstruír unha linguaxe moral que supere a indiferenza e o cinismo.*

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

## ETIQUETAS

Galicia internacional libro anton baamonde

## IDIOMA

Galego

## INVESTIGACION

Paradiplomacia

### Date Created

Novembro 9, 2021

### Meta Fields

**Autoria :** 4150

**Datapublicacion :** 20211109

**Subtitulo :** Recensión do libro de Antón Baamonde "Unha nova Olanda. De Ferrol ao Porto: as cidades galegas e o norte de Portugal no escenario global" Editorial Galaxia, 2021